

## A CIG Ensino denuncia que a Consellaría de Educación incrementa en 360.000 € os concertos co ensino privado

### A través de axudas das que carecen os centros públicos

No DOG do 25 de outubro vén de publicarse a orde de 9 de outubro de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2017/18.

Nesta orde destínanse 360.000 € para contratar persoal como logopedas, fisioterapeutas, axudante técnicos/as educativos/as, psicólogos/as, pedagogos/as, traballadores/as sociais, intérpretes de linguaxe de signos e coidadores/as, perfís, salvo este último que, aínda sendo moi necesarios e reclamados pola CIG Ensino non existen no ensino público.

O secretario nacional da CIG-Ensino, declarou que “Mentres Educación practica un recorte sistemático, inxustificado e inaceptábel no ensino público, suprimindo centros, unidades e profesorado, curiosamente, mantén inalterada desde 2012 esta partida económica que se incrementou naquel ano un 37% respecto do anterior”, **“a nós gustaríanos -recalca- contar con estes perfís profesionais nos centros públicos”**.

Estas axudas a centros privados concertados para a atención ao alumnado

con necesidades específicas de apoio educativo permítelles a estes centros a máis da contratación de persoal: reparacións, mantemento e obras ou instalacións así como a compra de material funxíbel e non funxíbel.



Estes cartos súmanse aos concertos que xa recollen de por si cantidades destinadas a estas necesidades específicas, permitindo a estes centros privados contar con servizos, modificar instalacións e contratar persoal que os centros públicos, nin sequera os de Educación Especial, poden prestar ou contratar. Estamos pois, remata Suso Bermello, ante **un caso flagrante de discriminación inaceptábel en favor do ensino concertado e un enésimo ataque do Partido Popular ao Ensino Público Galego**.